Rías Baixas

memoria exercicio

2016

Carta del presidente

Juan Gil de Araujo González de Careaga

Presidente del Consejo Regulador de la D.O. Rías Baixas

Un Consejo Regulador nace con el objetivo de garantizar el origen y la calidad de un producto de calidad diferenciada amparado por una denominación de origen, en nuestro caso, los vinos de Rías Baixas. Así, un Consejo Regulador potencia con su actividad la economía de un territorio y asienta población en sus zonas de influencia. Un trabajo del que podemos presumir desde la constitución de este Consejo Regulador hace ya casi 30 años.

Entre los cometidos de nuestra organización, la promoción se convierte en una herramienta fundamental para lograr nuestros objetivos. En Rías Baixas destinamos casi el 68% de nuestro presupuesto de 2016 a promoción, tanto dentro como fuera de nuestras fronteras. Tal esfuerzo se materializó en 110 actividades promocionales, que llegaron a 7.150 profesionales y en las que participaron 93 bodegas con 260 marcas.

Por concretar un poco más, un total de 3.550 personas participaron en los salones y otras actividades que organizamos en diferentes ciudades españolas. A ello hay que sumarle nuestra presencia en ferias internacionales, salones organizados en otros países y actividades como seminarios, patrocinios o visitas que nos permitieron llegar a otras 3.600 personas.

El tiempo y los hechos han confirmado que ésta es la línea de trabajo a seguir. De igual forma entendemos que una distribución equilibrada de los mercados es imprescindible para el buen funcionamiento de nuestro sector: un tercio del volumen global de la producción de nuestras empresas debería destinarse al mercado gallego, otro tanto al resto de España y otro tercio a la exportación. Hoy, con casi veintitrés millones de litros de vino vendidos en el 2016, los mercados internacionales representan más del 28% de las ventas del sector. Y, tras haber crecido también de manera importante en el mercado español, podemos decir que estamos muy cerca de lograr este equilibrio.

Con todo, tampoco hemos descuidado nuestra primera obligación, que es garantizar la calidad y el origen de nuestros vinos ante el consumidor. En este sentido, los aspectos técnicos han tomado protagonismo durante estos últimos años. Después de la reciente acreditación de nuestra organización como entidad certificadora, en 2016 el Consejo Regulador hacía entrega a 170 bodegas de los Certificados de Producto de conformidad con la Norma UNE-ISO/IEC 17065. Una acreditación internacional que garantiza el origen y la calidad de nuestros vinos, dentro de las altas exigencias de la normativa de la Unión Europea, y que está contribuyendo a reforzar la marca Rías Baixas en todo el mundo. Ello ha supuesto un cambio cultural en nuestras relaciones con las empresas inscritas, a las que, si bien inicialmente les ha supuesto un esfuerzo importante de adaptación, es también cierto que les ha ayudado a adaptarse a las exigencias que cada día presenta el mercado.

Pero todavía no hemos terminado con los aspectos técnicos, a veces más desconocidos y menos vistosos, pero muy importantes para el buen funcionamiento del Consejo Regulador. Seguimos trabajando en la puesta al día y depuración de los registros de viñedo, uno de los objetivos que estamos desarrollando en estos últimos años y del que estamos consiguiendo muy buenos resultados. Además, estamos ya embarcados en el proyecto de certificación de nuestro panel de cata, lo cual nos capacitará –aún con mayores garantías– para asegurar la calidad y fiabilidad de nuestros vinos.

PRESIDENTE

D. Juan Gil de Araujo González de Careaga

VICEPRESIDENTE

D. Fernando Bandeira García. – Bodegas La Val, S.L

VOGAIS SECTOR PRODUTOR

D. Antonio Álvarez Suárez. – Agromiño, S.L.
D. Manuel Carrera González.
D. Manuel A. Dopazo Padín – Explotaciones Vitivinícolas Rías Baixas, S.L.
D. Daniel Fornos Castro.
D. Iván Gómez Veiga – Bodegas Altos de Torona, S.L.
D. Jesús Paz Parracho.
D. Julio Reboredo Froiz. – Blanco Chaves y Abuelo, S.L.
D. Luis Rodríguez Balsa.
D. José Villanueva González.

VOGAIS SECTOR ELABORADOR

D. Francisco Dovalo López. – Cabaleiro do Val, S.L.
D. Horacio Gómez Araujo. – Adegas Tollodouro, S.A.
D. Carlos Gómez Davila. – Adegas Valmiñor, S.L.
Dna. Mª Victoria Mareque Bueno. – Pazo de Señorans, S.L.
D. Gerardo Méndez Lázaro. – Bodegas Gerardo Méndez, S.L.
D. Antonio Méndez Rodríguez. – Bodegas Señorío de Rubiós, S.L.
D. Manuel Otero Candeira – Bodegas Agro de Bazan, S.A.
D. Eulogio Pomares Botana. – Eulogio Pomares Zárate e Hijos, S.L.

VOGAIS DE ADEGAS DE BASE COOPERATIVA

D. Carlos Carrión Álvarez – Cooperativa Vitivinícola Arousana, S.C.G.
D. José Estévez Pomar. – Viña Almirante, S.C.G.
D. Juan Vázquez Gancedo. – Bodegas Martín Códax, S.A.U.
D. Xavier Zas García. – Adega Condes de Albarei, S.A.U.

VOGAIS DELEGADOS

D. José Manuel Fernández Castro.
Xefe de Servizo de Control da Calidade Agoalimentaria e Industrias - Xefatura Territorial de Pontevedra.
D. Miguel A. Pérez Dubois
Director Xeral de Desenvolvemento Rural - Consellería do Medio Rural.

Un esforzo colectivo

O aumento das vendas consolida a presenza dos viños da D.O. nos mercados nacionais e internacionais

O acto de entrega a 170 adegas da Denominación de Orixe dos seus repectivos Certificados de Produto conforme á Norma UNE-ISO/IEC 17065 (anteriormente 45011) serviu en marzo de 2016 para lembrar o compromiso das adegas e viticultores coas boas prácticas de calidade para ofrecer confianza ao consumidor. Foi o momento culminante dun proceso que comezou en 2010, co desenvolvemento e implantación do Manual de Calidade e rematou en novembro de 2014, data na que o Consello Regulador Rías Baixas fixo historia ao convertirse no primeiro de Galicia, e un dos primeiros de España, en recibir esta acreditación. Un proceso ao que o presidente do Consello Regulador da D.O., Juan Gil de Araujo, refiriuse como "unha oportunidade de mellorar o seu funcionamento e o das adegas".

A práctica totalidade das adegas superaron os requisitos esixidos, polo que este certificado de produto, recoñecido en máis de 70 países, é unha axuda fundamental nos plans de internacionalización da denominación.

As cifras de viño calificado reflicten, de feito, o esforzo realizado polo sector para seguir consolidando e ampliando os seus mercados.

Igualmente, as vendas dos viños da D.O. Rías Baixas seguiron a tendencia á alza do sector en España, apoiándose fundamentalmente na canle da hostalaría. A D.O. sitúase no 2,6% de cota de mercado, e mantén a oitava posición no ranking de vendas de viños con denominación de orixe no mercado nacional. No caso das vendas de viño branco con D.O. no conxunto de España, Rías Baixas ocupa a segunda posición, cunha cota do 9,5%.

No mercado nacional, o informe de 2016 elaborado por The Nielsen Company destacou, ademais dun lixeiro incremento de vendas nas áreas metropolitanas de Madrid e Barcelona, o crecemento da presenza dos viños de Rías Baixas, tanto na canle de hostalaría como na de alimentación, en País Vasco, Cantabria, Navarra, La Rioja, Cataluña, Baleares e as provincias de León, Burgos e Palencia, lugares que representan "un nicho de mercado a explotar polas adegas adscritas ao Consello Regulador Rías Baixas".

A tendencia tamén se cumpriu no mercado internacional, onde as exportacións do exercicio (do 1 de xaneiro de 2016 ao 31 de decembro de 2016) se incrementaron un 9,10% ata acadar os 6.402.703,45 litros vendidos por un valor de 33.481.989,86 euros.

Os datos non son, pois, casuais, senón froito dun grande esforzo humano e económico. O Consello Regulador da D.O. Rías Baixas dedica máis do 65% do seu orzamento á promoción. Ademais, na súa aposta pola internacionalización dos seus viños, que chegan a 64 mercados, participan xa 103 adegas, e as vendas supoñen un 28% do total da comercialización.
Nos mercados de Xapón, México, Irlanda, Reino Unido, Alemaña ou Estados Unidos –este unha vez máis no primeiro posto– rexistráronse importantes e significativos aumentos das vendas, polo que se reforzarán aínda máis as accións de promoción, nestes e noutros destinos (Polonia, China, Canadá, Francia) na busca e consolidación de mercados con prestixio e valor.

Recoñecementos

Xunto aos bos datos económicos, os premios e mencións conseguidos durante 2016 certifican o gran momento que viven os viños da D.O., situados entre os mellores brancos do mundo. No ano 2016 recibiron 202 recoñecementos (incluidas 38 mencións). As adegas desta D.O. recolleron dous trofeos especiais no Decanter World Wine Awards e nos Premios Baco, e colleitaron distintos premios (ouros, pratas e bronces) e mencións no International Wine Challenge, os Bacchus, o International Wine and Spirit Competition, o Challenge Internacional du Vin, o Concurso Mundial de Bruselas, o Citadelles du Vin, o International Wine Awards de Los Ángeles, e o Deutsche Wein Marketing.
Aínda que máis de 100 viños premiados corresponderon

Na aposta pola internacionalización dos viños participan xa 103 adegas

Os premios e mencións certifican o gran momento dos viños da D.O. Rías Baixas

á colleita de 2015, tamén tiveron gran peso os de colleitas anteriores, as elaboracións especiais e os viños escumosos, o que demostra non só a calidade dos viños senón tamén a súa grande evolución en botella ao longo do tempo.
Proba disto foi tamén o recoñecemento da asociación de sumilleres Gallaecia. O seu vicepresidente, Aurelio Vázquez, aplaudiu a cualificación polo Pleno do Consello Regulador da colleita de 2015 como "Moi Boa", destacou a "boísima evolución" dos de 2013 e referiuse aos viños de 2010 como "impresionantes".

A D.O. Rías Baixas sitúase entre as catro máis influentes de España

Presenza mediática

Non menos importante para o posicionamento da imaxe das adegas da D.O. Rías Baixas e as súas marcas foron as campañas de publicidade nacional. con reforzo en Madrid, Galicia, Asturias e Pais Vasco, realizadas en verán e navidades en medios escritos, televisión e soportes exteriores, así como a súa presenza nas principais redes sociais ou o impacto mediático das informacións difundidas sobre as actividades corporativas do Consello Regulador.
Así, por exemplo, un informe da consultora Castro Galiana titulado "As denominacións de orixe do viño na prensa de España" puxo de manifesto a notoriedade do conxunto de informacións xeradas polo sector vitivinícola e situou á Denominación de Orixe Rías Baixas entre as catro denominacións de orixe máis influentes de España. En concreto, as adegas e marcas da Denominación de Orixe Rías Baixas ocupan a segunda posición no apartado da penetración mediática das marcas de viño en formato de crítica enolóxica.

A vendima

A producción da DO Rías Baixas segue a medrar

O ano 2016 confirmou a tendencia dos dous anos anteriores dun aumento de produción en prácticamente todas as subzonas da Denominación de Orixe Rías Baixes. En total, vendimáronse perto de 33 millóns e medio de kilos de uva, o que nos achega aos anos de maior produción na historia de DO. O rendemento desta produción tamén foi elevado, cunha media de 8.254 kilos por hectárea de viñedo. Houbo tamén un bo índice de tranformación uva/mosto con 0,68 litros por cada kilo de uva.

Por outra banda, a superficie de viñedos mantén a liña de estabilidade dos últimos anos, no entorno das 4.000 hectáreas. Sen embargo, o número de viticultores segue a diminuír e a superficie media por viticultor mantívose nunha media de 0,73 hectáreas.

É salientable tamén que a tendencia ao auumento da producción vese dun xeito moi claro nos casos de variedade albariño e das uvas tintas. Os intercambios entre as diferentes subzonas mantívose tamén estable con respecto aos anos precedentes.

DATOS DOS ÚLTIMOS 10 ANOS

Viticultores



Adegas inscritas



Superficie (Ha.)



Viño elaborado (Hl.)



RENDEMENTO DE TRANSFORMACIÓN UVA/VIÑO **68,8%**

DENOMINACIÓN RIAS BAIXAS
Concellos, Viños e Castes

VOLUME DE UVA VENDIMADA (Kg.) POR SUBZONAS

	UVA IMPORTADA	UVA EXPORTADA
Condado do Tea	571,718	705.860
O Rosal	492.711	337.539
Ribeira do Ulla	22.005	782.271
Soutomaior	6.609	1.030
Val do Salnés	1.317.741	584.084
TOTAL	**2.410.784**	**2.410.784**

CASTES

Brancas:
Albariño
Loureira branca ou Marqués
Treixadura
Caiño branco
Torrontés
Godello

Tintas:
Caíño tinto
Espadeiro
Loureira tinta
Sousón
Mencía
Brancellao
Pedral
Castañal

VIÑOS:
Rías Baixas Albariño
Rías Baixas Condado de Tea
Rías Baixas Ribeira do Ulla
Rías Baixas Rosal
Rías Baixas Val do Salnés
Rías Baixas
Rías Baixas barrica
Rías Baixas Tinto
Rías Baixas Escumoso Branco
Rías Baixas Escumoso Tinto

UVA VINIFICADA	UVA VENDIMADA
6.608.579	6.742.721
4.684.853	4.529.681
398.872	1.159.138
68.512	62.933
21.644.145	20.910.488
34.404.961	**33.404.961**

DISTRIBUCIÓN POR SUBZONAS (2016)

Viticultores



TOTAL: 5.550

Superficie (Ha.)



TOTAL: 4.047,77

Superficie - viticultor



MEDIA: 0,73

Parcelas



TOTAL: 21.825

Parcelas- viticultor



MEDIA: 3,93

RENDEMENTOS AÑOS 2010-2016

Superficie (Has.)



Vendima (Kg.)



Rendemento (Kg./Has.)



RENDEMENTO TRANSFORMACIÓN UVA/VIÑO (KG./L.)



PRODUCIÓN POR CASTES/SUBZONAS
Colleita 2016

ALBARIÑO



Condado do Tea	6.403.653
O Rosal	3.801.022
Ribeira do Ulla	1.133.597
Soutomaior	61.602
Val do Salnés	20.847.231
TOTAL:	32.247.105

TREIXADURA



Condado do Tea	130.671
O Rosal	104.861
Ribeira do Ulla	7.399
Soutomaior	0
Val do Salnés	1.031
TOTAL:	243.962

LOUREIRA



Condado do Tea	33.953
O Rosal	192.667
Ribeira do Ulla	0
Soutomaior	0
Val do Salnés	5.384
TOTAL:	232.004

CAÍÑO BRANCO



Condado do Tea	1.139
O Rosal	333.285
Ribeira do Ulla	2.306
Soutomaior	0
Val do Salnés	1.084
TOTAL:	337.814

TORRONTÉS



Condado do Tea	11.654
O Rosal	3.563
Ribeira do Ulla	513
Soutomaior	0
Val do Salnés	0
TOTAL:	15.730

GODELLO



Condado do Tea	862
O Rosal	59.203
Ribeira do Ulla	3.137
Soutomaior	468
Val do Salnés	1.997
TOTAL:	65.667

TINTAS



Condado do Tea	160.789
O Rosal	35.080
Ribeira do Ulla	12.186
Soutomaior	863
Val do Salnés	53.761
TOTAL:	262.679

TOTAL PRODUCIÓN POR CASTES 2016

ALBARIÑO	32.247.105
TREIXADURA	243.962
LOUREIRA	232.004
CAÍÑO BRANCO	337.814
TORRONTÉS	15.730
GODELLO	65.667
TINTAS	262.679

TOTAL: 33.404.961

PRODUCIÓN POR CASTES 2010-2016











UVA EXPORTADA A OUTRAS SUBZONAS DA D.O.

	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016
CONDADO DO TEA	929.191	929.191	678.258	1.287.083	788.447	1.060.112	705.860
O ROSAL	473.771	473.771	247.687	375.717	331.864	246.239	337.539
RIBEIRA DO ULLA	566.114	566.114	418.086	801.000	441.152	760.705	782.271
SOUTOMAIOR	27.744	27.744	11.583	29.554	20.265	3.562	1.030
VAL DO SALNÉS	565.214	565.214	193.283	448.848	345.001	467.527	584.084

UVA IMPORTADA DOUTRAS SUBZONAS DA D.O.

	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016
CONDADO DO TEA	565.567	889.518	297.404	540.432	462.862	507.519	571.718
O ROSAL	579.413	746.652	201.441	462.706	486.252	676.447	492.711
RIBEIRA DO ULLA	14.826	21.515	4.964	11.396	4.400	19.033	22.005
SOUTOMAIOR	0	0	0	0	0	13.957	6.609
VAL DO SALNÉS	1.402.228	2.230.941	1.045.088	1.927.668	973.215	1.321.189	1.317.741

COMPARATIVA ADEGAS CON VINIFICACIÓN 2011-2016



PROPORCIÓN ADEGAS CON VINIFICACIÓN 2016



(Intervalos de volume en litros) **TOTAL ADEGAS*: 171**

*Adegas que elaboraron viño na última campaña

EVOLUCIÓN NÚMERO DE ADEGAS CON VINIFICACIÓN



UVA VINIFICADA POR SUBZONAS 2010-2016 (Datos en Kg.)

	CONDADO DO TEA	O ROSAL	RIBEIRA DO ULLA	SOUTOMAIOR	VAL DO SALNÉS
2010	6.704.377	3.902.618	521.611	23.440	20.534.470
2011	8.351.613	5.050.329	578.056	24.055	27.783.730
2012	3.562.618	2.240.957	277.201	7.581	11.479.520
2013	6.627.264	3.790.608	427.473	15.382	22.882.759
2014	4.830.917	3.359.542	344.675	11.387	15.633.700
2015	6.033.078	3.971.674	419.184	57.186	21.436.489
2016	6.608.579	4.684.853	398.872	68.512	21.644.145



COMPARATIVA DE PRODUCIÓN POR SUBZONA NAS DÚAS ÚLTIMAS COLLEITAS

	2015		2016		COMPARATIVA
	Colleita Uva vendimada	Rendemento medio Kg./Ha.	Colleita Uva vendimada	Rendemento medio Kg./Ha.	% variación produción 2015/2016
CONDADO DO TEA	6.585.671	6.612	6.742.721	6.785	+2,3
O ROSAL	3.541.466	6.043	4.529.681	8.032	+27,9
RIBEIRA DO ULLA	1.160.856	6.909	1.159.138	6.903	-0,2
SOUTOMAIOR	46.791	3.119	62.933	5.046	+34,5
VAL DO SALNÉS	20.582.827	8.902	20.910.488	9.052	+1,6
TOTAL	**31.917.611**	7.828	**33.404.961**	**8.245**	+4,65

EXPORTACIÓNS 2011-2016 (Volume en litros)

2011	
EE.UU.	2.266.103
REINO UNIDO	457.994
ALEMAÑA	210.022
PORTO RICO	189.476
MÉXICO	139.443
SUIZA	115.389
HOLANDA	89.349
NORUEGA	74.711
BÉLXICA	71.955
CANADÁ	64.897
RESTO	520.108

2012	
EE.UU.	2.511.407
REINO UNIDO	537.604
ALEMAÑA	316.504
PORTO RICO	216.126
HOLANDA	180.255
MÉXICO	126.899
SUIZA	126.165
IRLANDA	91.003
NORUEGA	83.367
BÉLXICA	72.177
RESTO	681.526

2013	
EE.UU.	2.634.314
REINO UNIDO	695.862
ALEMAÑA	454.726
PORTO RICO	223.429
MÉXICO	191.225
HOLANDA	154.762
SUIZA	104.284
IRLANDA	102.118
BÉLXICA	98.162
SUECIA	92.457
RESTO	700.326

2014	
EE.UU.	2.189.258
REINO UNIDO	735.680
ALEMAÑA	521.253
HOLANDA	276.534
PORTO RICO	217.114
MÉXICO	212.071
IRLANDA	121.191
SUIZA	115.425
NORUEGA	106.502
SUECIA	97.289
RESTO	794.967

2015	
EE.UU.	2.084.955
REINO UNIDO	991.797
ALEMAÑA	595.848
PORTO RICO	307.438
MÉXICO	246.815
HOLANDA	207.400
XAPÓN	165.420
IRLANDA	141.281
SUIZA	113.333
SUECIA	95.337
RESTO	846.383

2016	
EE.UU.	2.468.535
REINO UNIDO	1.067.483
ALEMAÑA	524.344
PORTO RICO	313.809
MÉXICO	250.897
HOLANDA	247.683
IRLANDA	182.796
JAPÓN	147.685
SUIZA	138.803
NORUEGA	112.070
RESTO	948.598

EVOLUCIÓN DO TOTAL DAS EXPORTACIÓNS 2006-2016 (Volume en litros)



EXPORTACIÓNS 2016 (Por países)



Alemaña	524.343
Austria	7.352
Bélxica	92.077
Croacia	156
Dinamarca	49.060
Finlandia	21.140
Francia	57.483
Grecia	13
Holanda	247.683
Irlanda	182.796
Italia	3.435
Luxemburgo	3.193
Portugal	1.067.483
Reino Unido	401
Hungría	41.546
Polonia	4.642
Rep. Checa	4.162
Letonia	948
Chipre	1.375
Lituania	2.532
Estonia	650
Eslovaquia	429
Malta	36
Eslovenia	87.507
Suecia	871
Bulgaria	75
Ucrania	1,5
Rumanía	**2.409.929**
TOTAL UE	

Andorra	55.510
Islandia	765
Liechtenstein	0
Noruega	112.070
Suíza	138.803
TOTAL EEE	**307.148**
Rusia	36.796
Outros	28.926
RESTO EUROPA	**65.722**
Arxentina	1.263
Brasil	13.716
Canadá	88.093
Colombia	27.454
Cuba	4.066
Ecuador	0
El Salvador	22,5
Guatemala	2.704
E.E.U.U.	2.468.535
México	250.897
Nicaragua	1.323
Porto Rico	313.809
Costa Rica	14.957
Rep. Dominicana	50.314
Venezuela	7.920

Perú	15.330
Panamá	59.134
Uruguay	450
Outros	9.582
TOTAL AMERICA	**3.329.572**
China	29.372
Xapón	147.685
Filipinas	3.116
Singapur	5.201
Taiwán	3.530
Outros	9.061
TOTAL ASIA	**197.965**
Nova Zelandia	4.716
Australia	59.996
TOTAL OCEANIA	**64.711**
Emiratos Árabes	26.429
Outros África	1.226
TOTAL AFRICA	**27.655**
TOTAL MUNDIAL	**6.402.703**

Volume en litros comercializados

INGRESOS ORDINARIOS

	ORZAMENTO	LIQUIDACIÓN
CAPÍTULO 3 - TAXAS, PREZOS PÚBLICOS, OUTROS INGRESOS	**1.934.225,00**	**2.297.265,87**
ARTIGO 33 - INGRESOS ORDINARIOS	**1.778.000,00**	**2.079.618,33**
01 - COTAS / PLANTACIÓNS INSCRITAS (COTA VIÑEDO)	204.000.00	201.872,90
02 - COTAS / PRODUTOS AMPARADOS (COTA VIÑO)	1.266.000,00	1.499.476,48
03 - COTA INSCRICIÓNS (ADEGAS E VITICULTORES)	5.000,00	6.300.00
04 - IMPORTES POR VENDA DE CONTRAETIQUETAS	303.000,00	371.968,95
ARTIGO 39 - OUTROS INGRESOS	156.225,00	217.647,54
CAPÍTULO 4 - TRANSFERENCIAS CORRENTES	**0,00**	**0,00**
ARTIGO 45 - DE COMUNIDADES AUTÓNOMAS	0,00	0,00
CAPÍTULO 5 - INGRESOS PATRIMONIAIS	**3.000,00**	**1.565,99**
CAPÍTULO 7 - TRANSFERENCIAS CAPITAL (SUBVENCIÓNS)	**676.000,00**	**1.242.327,12**
ARTIGO 75 - DE COMUNIDADES AUTÓNOMAS Y ADMIN. LOCALES	676.000,00	1.242.327,12
CAPÍTULO 8 - ACTIVOS FINANCEIROS	**780.000,00**	**780.000,00**
ARTIGO 87 - REMANENTE DE TESOURERÍA	780.000,00	780.000,00
TOTAL INGRESOS	**3.393.225,00**	**4.321.158,98**

GASTOS ORDINARIOS

GASTOS DE FUNCIONAMENTO

CAPÍTULO 1 - GASTOS DE PERSOAL	**200.500,00**	**204.476,38**
ARTIGO 13 - LABORAIS	161.800,00	166.716,60
ARTIGO 16 - COTAS SOCIAIS	38.700,00	37.759,78
CAPÍTULO 2 - BENS CORRENTES E SERVIZOS	**176.300,00**	**131.697,78**
ARTIGO 21 - REPARACIÓNS, MANTEMENTO E CONSERVACIÓN	13.000,00	9.480,79
ARTIGO 22 - MATERIAL, SUBMINISTRACIÓNS, OUTROS	110.100,00	90.715,06
ARTIGO 23 - INDEMNIZACIÓNS RAZÓNS SERVIZO	53.200,00	31.501,93
CAPÍTULO 3 - GASTOS FINANCEIROS	**1.000,00**	**901,23**
ARTIGO 34 - DEPÓSITOS, FIANZAS E OUTROS	1.000,00	901,23
CAPÍTULO 6 - INVERSIÓNS REAIS	**3.000,00**	**0,00**
ARTIGO 62 - PROXECTOS DE INVESTIMENTO NOVO	3.000,00	0,00
TOTAL GASTOS FUNCIONAMENTO	**380.800,00**	**337.075,39**

GASTOS ORDINARIOS (continuación)

	ORZAMENTO	LIQUIDACIÓN
CONTROL DE CALIDADE		
CAPÍTULO 1 - GASTOS DE PERSOAL	**296.500,00**	**284.164,12**
ARTIGO 13 - LABORAIS	168,000,00	164.030,64
ARTIGO 13 - LABORAIS (INDEMNICACIÓNS DESPIDO)	0,00	0,00
ARTIGO 16 - COTAS SOCIAIS	52.500,00	51.600,36
ARTIGO 14 - OUTRO PERSOAL (VEEDORES)	76.000,00	68.533,12
CAPÍTULO 2 - BENS CORRENTES E SERVIZOS	**400.500,00**	**380.151,84**
ARTIGO 22 - MATERIAL, SUBMINISTRACIÓNS, OUTROS	400.500,00	380.151,84
CAPÍTULO 6 - INVERSIÓNS REAIS	**6.000,00**	**3.306,43**
ARTIGO 62 - PROXECTOS DE INVERSIÓN NOVA	6.000,00	3.306,43
TOTAL CONTROL CALIDADE	**703.000,00**	**667.622,39**
CAMPAÑA DE PUBLICIDADE		
CAPÍTULO 2 - BENS CORRENTES E SERVICIOS	**1.178.925,00**	**1.170.180,79**
ARTIGO 22 - MATERIAL, SUBMINISTRACIÓNS, OUTROS	1.178.925,00	1.170.180,79
TOTAL CAMPAÑA DE PUBLICIDADE	**1.178.925,00**	**1.170.180,79**
PROMOCIÓN		
CAPÍTULO 1 - GASTOS DE PERSOAL	**109.500,00**	**108.322,74**
ARTIGO 13 - LABORAIS	82.500,00	82.353,70
ARTIGO 16 - COTAS SOCIAIS	27.000,00	25.969,04
CAPÍTULO 2 - BENS CORRENTES E SERVIZOS	**1.021.000,00**	**1.208.637,55**
ARTIGO 22 - MATERIAL, SUBMINISTRACIÓNS, OUTROS	1.021.000,00	1.208.637,55
TOTAL PROMOCIÓN	**1.130.500,00**	**1.316.960,29**
TOTAL GASTOS	**3.393.225,00**	**3.491.838,86**
RESUMO DE INGRESOS		
COTAS E CONTRAETIQUETAS	1.778.000,00	2.079.618,33
INGRESOS EXTRAORDINARIOS	159.225,00	219.213,53
SUBVENCIÓNS	676.000,00	1.242.327,12
REMANENTE ANOS ANTERIORES	780.000,00	780.000,00
TOTAL	**3.393.225,00**	**4.321.158,98**
RESUMO DE GASTOS		
GASTOS DE FUNCIONAMENTO	380.800,00	337.075,39
CONTROL DE CALIDADE	703.000,00	667.622,39
CAMPAÑA DE PUBLICIDADE E PROMOCIÓN	2.309.425,00	2.487.141,08
TOTAL	**3.393.225,00**	**3.491.838,86**
INGRESOS - GASTOS	**0,00**	**829.320,12**

Pilar Carballo Fidalgo
Auditora de Cuentas
R.O.A.C. Nº17904

Urzáiz, 42-2ºD
Telef: 986 224060
Fax : 986 441644

María Pilar Carballo Fidalgo, con N.I.F. 36.114.533-W, auditora de cuentas inscrita en el ROAC con el número 17.904, y domicilio profesional en Vigo, Calle Urzáiz, 42-2ºD, a solicitud del Pleno del CONSEJO REGULADOR D.O. "RÍAS BAIXAS", por la presente

INFORMA

Que ha realizado la auditoría de los estados financieros de la entidad mencionada de conformidad con la normativa reguladora de la auditoría de cuentas vigente en España, emitiendo al respecto el correspondiente "Informe de auditoría" con fecha 07 de junio de 2017, con la opinión no modificada (favorable), en el sentido de que los Estados Financieros formulados y presentados expresan, en todos los aspectos significativos, la imagen fiel del patrimonio y de la situación financiera de la entidad a 31 de diciembre de 2016, así como de sus resultados correspondientes al ejercicio anual terminado en dicha fecha, de conformidad con el marco normativo de información financiera que resulta de aplicación.

En Vigo, a 16 de junio de 2017.

Pilar Carballo Fidalgo

AUDITORÍAS SOBRE ADEGAS

- 69 Auditorías completas de certificación
- 335 Auditorías de control sobre adegas (embotellados, aforos, descorchados)
- 3 Auditorías de inscrición
- 280 Supervisións de transportes
- 3 Adegas nova inscrición
- 210 Marcas autorizadas
- 5 Nomes comerciais autorizados
- 5 Cambios de titularidade

AUDITORÍA SOBRE VIÑEDOS

- 1.640 Resolucións de expedientes
- 32 Desprazamentos atención viticultores
- 152 Cambios de titularidade
- 330 Baixas de viticultores
- 93 Altas de viticultores
- 289 Auditorías de viñedos

AUDITORÍA DE VENDIMA

- 26 Veedores
- 25.971 Partidas de uva declaradas
- 170 Informes de auditoría de control de vendima sobre adegas
- 170 Adegas elaboradoras controladas
- 321 Transportes de uva controlados entre e dentro de subzonas da D.O.
- 530 Controles de viñedos

RECOLLIDA E VERIFICACIÓN DE MOSTRAS

1.605
Mostras recollidas

140
Sesións de cata

48
Catadores para catas ordinarias

22.744.782
Litros de viño certificados, catados e analizados mostra por mostra en laboratorios acreditados

FORMACIÓN E PROMOCIÓN

Desenvolvéronse cursos e charlas dedicadas á formación de profesionais en feiras nacionais, grupos de sumilleres, estudantes de hostalaría, institutos...

IMPLANTACIÓN DA NORMA EN-UNE-ISO/IEC 17.065

En xuño de 2016, o Consello Regulador D.O. Rías Baixas pasou a auditoría de seguimento da ENAC, que resolveu favorablemente e decidíu manter o selo da Acreditación ao Consello sobre a Certificación de produtos agroalimentarios conforme á Norma UNE-EN ISO/IEC 17065:2012

CONTROL DE MERCADO

Leváronse a cabo labores de control en establecementos comerciais de Galicia, onde se controlaron 654 mostras, de 201 marcas pertencentes a 63 adegas

CATAS

Desenvolvemento, preparación, colaboración e loxística en diferentes catas, (Catas do Consello, Vixésimo oitava edición da Cata-Concurso Rías Baixas Albariño 2015, Catas a Xornalistas e Sumilleres, Catas en actos promocionais como en Minifeiras, etc.).

VISITA DE JAVIER LUENGO, DA GUÍA PEÑÍN
20-21 xaneiro
O catador Javier Luengo, da Guía Peñín, visitou durante dous días adegas da Denominación de Orixe Rías Baixas.

MASTERCLASS EN BÉLXICA
27 xaneiro
Levouse a cabo unha masterclass dirixida a 60 sumilleres do Conseil do Benelux na cidade de Alost (entre Bruselas e Gante). Nela explicouse de forma pormenorizada o "terroir" propio desta denominación e a súa influencia nos viños de cada unha das cinco subzonas.

SEMINARIO DE FORMACIÓN
26-28 xaneiro
Celebráronse seminarios de formación sobre os viños da D.O. Rías Baixas na Escola de cociña "Ferrandi" de París, dirixido a 50 alumnos.

CENA DE GALA EN "FERRANDI"
11 febreiro
Tivo lugar unha cea de gala con viños da D.O. Rías Baixas dentro do propio restaurante da escola, con diferentes autoridades e un grupo exclusivo de consumidores.

CURSO SOBRE ENOMARKETING
22-25 febreiro
Dirixido a adegas, impartírone 20 horas presenciais con tutorías de 6 meses a distancia, sobre diversos fundamentos do marketing dixital, posicionamento en buscadores, redes sociais e comercio electrónico.

CATA PARA "WINE ADVOCATE"
3 marzo
Luis Gutiérrez catou na sede do Consello Regulador unha selección de marcas que el mismo elixiu, para a publicación dos resultados na guía "Wine Advocate".

SALÓN EN VALENCIA
7 marzo
Vinte e tres adegas da D.O.Rías Baixas e máis de 80 marcas participaron no Salón dos Viños Rías Baixas en Valencia, ao que asistiron 700 profesionais.

PROWEIN DÜSSELDORF
13-15 marzo
O "túnel do viño" da feira Prowein contou coa presenza de 96 referencias de 44 adegas da Denominación de Orixe Rías Baixas, mentres que o espazo expositor acolleu a un total de 13 empresas. Ademais, 600 profesionais déronse cita no stand do Consello Regulador.

CATA NA FEIRA DE PROWEIN
14 marzo
Dirixida polo prestixioso xornalista alemán David Schwarzwälder, tivo lugar unha cata comentada con 50 profesionais, baixo o título "Xuvenil frescura ata complexa madurez, viños polifacéticos da D.O. Rías Baixas".

XORNADA NO BASQUE CULINARY CENTER
9 marzo
Dentro dunha xornada dedicada a Galicia e á súa gastronomía, dirixida ao alumnado de 2.º grado, tivo lugar un seminario e cata de formación sobre os viños da D.O. Rías Baixas.

CENA DE GALA – BACCHUS 2016
20 marzo
Ao amparo do Concurso Bacchus, patrocinouse a cea de gala, dirixida aos membros do xurado, todos eles catadores de gran prestixio internacional, durante a que se serviron unicamente os viños da D.O. Rías Baixas, un total de 19 referencias diferentes.

CATA "DECANTER" EN LONDRES
29 marzo
Catáronse 76 marcas de 48 adegas da D.O. Rías Baixas e os seus resultados foron publicados na revista Decanter.

VISITA DA REVISTA ALEMANA "VINUM"
28 marzo-1 abril
O xornalista André Dominé visitou a D.O. Rías Baixas para facer unha reportaxe sobre adegas e aspectos gastronómicos turísticos que se publicou na revisita alemana "Vinum" en xuño de 2016.

VISITA ALUMNOS D0 BASQUE CULINARY CENTER
4-7 abril
Un grupo da quinta promoción do "Basque Culinary Center", formado por 108 alumnos e 6 profesores, visitou diferentes adegas e viñedos da área xeográfica da D.O.

VISITA DE SUMILLERES BELGAS
5 abril
Gerard Devos ("wine educator", xornalista e xurado do Concours Mondial de Bruxelles) e sete dos seus alumnos na École Eimap de Charleoi (Bélxica) visitaron durante tres días a D.O. Rías Baixas e realizaron unha cata na sede do Consello Regulador.

XXXVI EXALTACIÓN DO VIÑO DA ULLA
11 abril
O Consello Regulador apoiou unha vez máis a celebración da Exaltación do viño de Ulla.

SPANISH WINE WEEK DE DUBLÍN
11-17 abril
A Spanish Wine Week, organizada pola Ofcomes de Dublín, acolleu catas de viños da D.O. Rías Baixas en diferentes bares da capital irlandesa.

MASTERCLASS EN GALWAY
15 abril.
Seminarios impartidos polo xornalista e crítico de viños Leslie Williams, dirixidos

a estudantes da Escoa Universitaria de Hostalaría de Galway.

"WEST WATERFORD FESTIVAL OF FOOD"
16 abril
Os viños da D.O. Rías Baixas foron os únicos brancos servidos na cea elaborada polo chef Eunice Power, dirixida a un grupo de selectos chefs, responsables de cadeas hoteleiras, etc.

"TASTEMAKERS" EN NOVA YORK E CHICAGO
18-20 abril
"Pure pairing perfection: Rías Baixas Albariño". Con este lema, a D.O. Rías Baixas celebrou senllas catas para prensa e profesionais do sector en dous restaurantes de Nova York e Chicago.

EVENTO CON COMPRADORES EN SEATTLE
26 abril
Un total de 27 profesionais do viño asistiron no Buyers Workshop de Seattle á presentación de 9 viños da D.O. Rías Baixas, a cargo do sumiller James Lechner.

ARBOMOSTRA
22-23 abril
Celebración da exaltación gastronómica en Arbo, onde se puideron degustar os viños da D.O. Rías Baixas elaborados nesta área.

ALIMENTARIA BARCELONA
25-28 abril
A prestixiosa feira acolleu 17 adegas coexpositoras no stand do Consello Regulador, onde se citaron máis de 300 profesionais, e 14 adegas con expositores independentes.

MASTERCLASS NA CADEA IBÉRICA
25-29 abril
Cinco masterclass da cadea Ibérica de restaurantes (Victoria, Farringoon, Marylebone, Canary Wharf e Manchester) contaron coa asistencia dun total de 95 profesionais do Reino Unido.

LONDON WINE
3-5 maio
O Consello Regulador da Denominación de Orixe Rías Baixas participou cun stand en formato "Wine bar", no que estiveron representadas 47 adegas con 84 marcas diferentes e nel que se deron cita un total de 400 persoas.

SALÓN D.O. RÍAS BAIXAS EN SEVILLA
9 maio
Técnicos do Consello Regulador impartiron un seminario á Asociación de Sumilleres de Sevilla, e 18 adegas e máis de 80 marcas da Denominación de Orixe Rías Baixas acudiron ao Salón, que congregou a 500 profesionais do sector.

GASTROFORUM
9 maio
A Escola de Hostalaría de Galicia levou a cabo unha cata de viños da D.O. Rías Baixas a cargo do técnico do Consello Regulador Fernando Vilariño.

GALA BENÉFICA MAKE-A-WISH
14 maio
A Denominación de Orixe Rías Baixas colaborou co sorteo dunha cesta de 6 botellas de albariño nesta prestixiosa cea de gala celebrada en Dublín para recaudar fondos para nenos enfermos.

RUTA DE ALBARIÑO & TAPAS
8 xunio
Once blogueiros e influenciadores de estilo de vida en redes sociais e blogs participaron en tres locais emblemáticos de Dublín nunha cata de albariño da D.O. Rías Baixas, conducida pola sumiller Lisa O'Doherty.

VISITA DE BLOGUEIROS
13-15 xuño
Durante tres días os blogueiros Jose María Toro, director de bloghedonista.com, e Manu Balanzino, asesor gastronómico e editor do xornal dixital de gastronomía "The Gourmet Journal", visitaron adegas e viñedos das diferentes subzonas da D.O.

PRESENTACIÓN DA COLLEITA
14 xuño
Cento cincuenta persoas asistiron á presentación da colleita 2015, nun formato "túnel do viño", en Londres. Participaron 30 adegas da D.O. e 84 das súas marcas.

PROMOCIÓN EN REDES SOCIAIS
20 xuño
O C.R.D.O. Rías Baixas desenvolveu unha campaña de promoción especial en redes sociais, con maior incidencia en Facebook, que incluíu unha cata para o consumidor final, convocada tamén desde as redes, de viños das diferentes subzonas.

FESTIVAL D.O. RÍAS BAIXAS EN MÉXICO
21 xuño
O restaurante Atalaya de Mexico DC acolleu un festival no que os viños da D.O. Rías Baixas armonizaron con elaboracións do chef Atzin Santos. O sumiller Andrés Amor realizou 10 accións formativas que capacitaron a 148 profesionais.

MISIÓNS INVERSAS
20-30 xuño
Seis profesionais de Irlanda e outros seis do Benelux visitaron durante tres días, en senllas misións inversas, diferentes adegas e viñedos e coñeceron a gastronomía, cultura e viños da nosa área.

PRESENTACIÓNS DA COLLEITA EN MADRID E BILBAO
29-30 xuño
O Consello Regulador presentou á prensa nacional, no Restaurante Vinoteca García de

la Navarra en Madrid, a colleita de 2015, cualificada como "Moi Boa". O sector profesional de Bilbao organizou un túnel do viño no Hotel Carlton, no que estiveron representadas 85 marcas de 52 adegas da D.O. Rías Baixas.

ALBARIÑO ON TOUR & TAPAS
30 xuño-13 xullo
O hotel One Pery Square de Limerick (Irlanda) acolleu este evento presentado por Liam Campbell, prestixioso crítico de viños do "Irish Independent", coa asistencia de 60 consumidores. O mesmo evento, no Twelve Hotel Galway, congregou a 40 consumidores e 7 marcas de viños da D.O. Rías Baixas. Unha terceira cita reuniu en Dublín a outros 45 consumidores e 7 marcas.

VISITA DE BARBARA PHILIP
1 xullo
Barbara Philip, do Institute of Master of Wine e do British Columbia Liquor Distribution Branch (Canadá), aproveitou a súa viaxe a España para visitar a Denominación de Orixe Rias Baixas, nunha xornada na que realizou unha cata no Consello Regulador e visitou adegas das diferentes subzonas.

CAMPAÑA DE MEDIOS NACIONAL
11-31 xullo
Con especial fincapé en Madrid, Asturias e Galicia, centrouse nunha mestura de medios con exterior (valas e mupis), diarios a nivel nacional e rexional, revistas e internet e, principalmente, televisión. O obxectivo foi incrementar a notoriedade dos viños da D.O. Rías Baixas e obter maior cobertura.

PLAN XAPÓN
12-13 xullo
Dentro do plan de promoción en Xapón, a D.O. Rías Baixas organizou catas orientadas a profesionais do sector, unha masterclass dirixida á prensa e unha cea maridaxe e cata para "wine lovers" e máis de 60 profesionais.

VISITA DE JUAN FERNÁNDEZ CUESTA
14-16 xullo
O xornalista Juan Fernández Cuesta, redactor xefe de ABC e crítico de viños, realizou unha cata na sede do Consello Regulador e visitou adegas da D.O.

SALÓN DO VIÑO D.O. RÍAS BAIXAS NA CORUÑA
21 xullo
Estiveron presentes 16 adegas da D.O. Rías Baixas e máis de 60 marcas, e acudiron 600 persoas, tanto profesionais do sector como consumidores finais.

LXIV EDICIÓN FESTA DO VIÑO D.O. RÍAS BAIXAS ALBARIÑO
4-7 agosto
O C.R.D.O. Rías Baixas organizou nesta edición un total de 42 stands; contou coa visita de 10 xornalistas de prestixio da prensa nacional, cos que celebrou diferentes actividades promocionais; e organizou novas edicións do "túnel do viño" e das "catas temáticas".

VOLTA CICLISTA A ESPAÑA 2016
18 agosto
Co gallo da presentación da volta ciclista a España, tivo lugar en Ourense un cóctel, con chefs do grupo Nove e stands de diferentes produtos galegos, entre eles os viños da D.O. Rías Baixas, con 39 referencias distintas.

MISIÓN INVERSA DE MÉXICO
12-15 setembro
Tres donos ou responsables de compras de tendas especializadas visitaron durante tres días a D.O. Rías Baixas, co fin de impulsar a presenza e o consumo dos nosos viños en México.

MISIÓN INVERSA DE PRESCRIPTORES INGLESES
18 -21 setembro
Dentro das actividades do plan Reino Unido 2016, organizouse unha viaxe de prescriptores, que realizaron unha cata no Consello Regulador con 20 marcas e visitaron tres das subzonas da Denominación de Orixe.

CAMPAÑA "TASTE THE CAN"
13 setembro-4 outubro
En colaboración con Anfaco, realizouse esta promoción de conservas de peixe e mariscos na terminal de cruceiros do porto de Vigo, na que 3.500 cruceiristas puideron degustar os viños da Denominación de Orixe Rías Baixas.

SEMINARIOS EN BÉLXICA
6 outubro-23 novembro
Celebráronse 12 seminarios de formación en diferentes escolas das cidades belgas de Brujas, Koksijde, Charleroi, Lovaina, Ath, Namur, Waterloo, Kortrijk e Amberes, dirixidos a alumnos e profesores. Impartidos por Germán Muñoz, de Terroir +34, dividíronse en dúas partes: unha explicativa da rexión e outra con cata de viños (6-8 marcas).

FESTIVAL ALBARIÑO RÍAS BAIXAS EN SAN XOÁN DE PORTO RICO
22-23 outubro
Dentro dun programa de maridaxes e degustacións, impartíronse 6 seminarios nos que estiveron presentes 40 marcas de 27 adegas.

TÚNEL DO VIÑO D.O. RÍAS BAIXAS EN SANTIAGO
17 outubro
Os 400 profesionais asistentes (tendas especializadas, sumilleres, distribuidores, escolas de hostalaría, empresas de catering...) puideron catar máis de 78 marcas de viños da D.O.

SEMINARIOS DE FORMACIÓN EN HEIDELBERG E BERLÍN

19 e 25 outubro

David Schwarzwälder impartiu senllos seminarios e catas de formación aos alumnos da escola HORECA de Heidelberg e da escola de sumilleres de Berlín. Un total de 6 marcas de diferentes adegas participaron nas catas.

CEA-MARIDAXE EN MÉXICO D.F

25 outubro

Unha decena de blogueiros e prescriptores acudiron a esta cita na que se maridaron seis marcas de viño da D.O. Rías Baixas con pratos do chef Mikel Alonso.

SHOWROOM DE RÍAS BAIXAS EN MÉXICO

26 outubro

O hotel St. Regis da capital mexicana acolleu o II Showroom da D.O. Rías Baixas, que contou coa participación de 21 adegas e 60 marcas. Diversas catas, mesas redondas sobre maridaxe dos viños da D.O. Rías Baixas coa gastronomía mexicana, e formación para sumilleres integraron a programación deste evento.

THE WINE GANG

5 e 19 novembro

A Denominación de Orixe Rías Baixas participou nestas feiras dirixidas ao consumidor final nas cidades de Leeds e de Edimburgo (Reino Unido).

FEIRA HONG KONG INTERNATIONAL WINE & SPIRIT

10 -12 novembro

O C.R D.O. Rías Baixas estivo presente nesta feira cun stand propio dentro do pavillón español do ICEX, polo que pasaron 250 persoas.

WORKSHOPS EN COLONIA E BERLÍN

14 e 16 novembro

David Schwarzwälder foi o encargado de impartir un seminario e cata, coa participación de nove marcas de diferentes adegas, no marco das Feiras de Viños de España celebradas nas cidades alemás de Colonia e Berlín.

TÚNEL DO VIÑO D.O. RÍAS BAIXAS EN ZARAGOZA

21 novembro

O hotel Hiberus de Zaragoza acolleu un "túnel do viño" no que participaron 370 profesionais, que puideron catar, en dúas sesións de mañá e tarde, máis de 55 marcas de viños da D.O. Rías Baixas pertencentes a 20 adegas.

VI EDICIÓN CATA DAS COLLEITAS

30 novembro

Un total de 96 marcas participaron no Hotel Villa Real de Madrid na Cata-Concurso das Colleitas da D.O. Rías Baixas, que reuníu a 300 profesionais.

CAMPAÑA DE MEDIOS EN NAVIDAD

1 decembro

Como continuidade da campaña de verán, realizouse unha creatividade distinta seguindo a liña das anteriores campañas, en Madrid, Galicia, Asturias. Consistiu nunha mestura de medios, centrada en exteriores (autobuses, mupis Premium, adhesivos ou stopper), suplementos dominicais, xornais, revistas e internet.

THE THREE WINE MEN

3-4 decembro

Dentro do plan de promoción dos nosos viños no Reino Unido, a Denominación de Orixe Rías Baixas participou nestas feiras dirixidas ao consumidor final na capital británica.

CURSO DE INGLÉS DO VIÑO

12-14 decembro

Vinte e dúas persoas asistiron ao curso de inglés "Como transmitir as calidades especiais da D.O. Rías Baixas" impartido por Andrew Black, profesor de idiomas especializado no sector do viño.

FEIRAS LOCAIS EN 2016

O C.R.D.O. Rías Baixas colaborou, ao longo do ano, coas seguintes feiras locais:

- 22-23 abril. Arbomostra.
- 17-19 xuño. XXXVII Festa do Viño de Barro.
- 9 -10 xullo. XI Festa do Tinto Rías Baixas.
- 15-17 xullo. XXIV Feira do Viño do Rosal.
- 22-25 xullo. XIX Encontro co Viño de Autor.
- 26-28 agosto. LVII Festa do Condado do Tea.
- Festa do Viño de Caldas.
- 3-4 decembro. III Festa do Viño Escumoso.

ENTREGA DAS DISTINCIÓNS DA VI EDICIÓN CATA DAS COLLEITAS

14 decembro

O Casino Liceo de Pontevedra acolleu o acto de entrega das distincións obtidas na VI edición Cata das Colleitas: 4 "Gran Colleita de Ouro", 38 "Colleita de Ouro" e 29 "Colleita de Plata".

CATA REDES SOCIAIS

16 decembro

A sede do Consello Regulador acolleu a segunda cata "redes sociais", coa asistencia de 22 persoas.

170 ADEGAS DA D.O. RECIBEN AS SÚAS CERTIFICACIÓNS UNE-ISO/IEC 17065

1 marzo

O Consello Regulador da Denominación de Orixe Rías Baixas entregou a 170 das súas adegas os Certificados de Produto, de conformidade coa Norma UNE-ISO/IEC 17065, unha acreditación internacional lograda polo Consello Regulador, cumprindo así as esixencias derivadas da OCM do viño para todas as indicacións de calidade europeas. De feito, Rías Baixas é a primeira D.O. de viños galegos, e unha das primeiras en España, que consegue a "Acreditación para a certificación de produtos do sector agroalimentario" conforme á Norma UNE-ISO/IEC 17065.

No acto, o presidente do Consello Regulador, Juan Gil de Araujo, suliñou que a acreditación constitúe unha oportunidade de mellorar o funcionamento do Consello e o das adegas, e que practicamente todas as adegas de Rías Baixas superaron os requisitos.

A entrega tivo lugar no Auditorio Centro Multiusos de O Mosteiro (Meis), nun acto histórico para este Consello Regulador que contou coa presenza do presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo; o alcalde de Meis, José Luís Pérez Estévez; a conselleira de Medio Rural, Ángeles Vázquez Mejuto; a presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva Rego; e o delegado da Xunta en Pontevedra, José Manuel Cores Tourís.

No acto, o presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, resaltou que a obtención destes certificados de calidade é "unha meta desexada que non conseguen todos, que nunca é un accidente, senón a mostra dun esforzo intelixente". Por iso, felicitou ao conxunto do sector porque "debedes estar orgullosos de facer un traballo palpable, ben feito, sumando todos para obter o Príncipe dos viños ao que se refería Cunqueiro", dixo.

OS PREMIOS BACCHUS RECOÑECEN 28 VIÑOS DA D.O. RÍAS BAIXAS

23 marzo

A Denominación de Orixe Rías Baixas acadou un dos seus mellores resultados na decimocuarta edición do Concurso Internacional de Viños Bacchus 2016. Das 68 referencias de Rías Baixas presentadas, un total de 28 viños de 18 adegas foron galardoados con 9 medallas de ouro e 19 de prata, converténdose así na denominación de orixe galega con máis medallas nesta edición.

O Bacchus é o maior certame vitivinícola do país, e a esta edición presentáronse un total de 1.854 referencias procedentes de 21 países. Destas, 1.469 (o 79%) eran españolas e pertencentes a 81 indicacións xeográficas de calidade da España vinícola, con 68 Denominacións de Orixe incluidas. Os cinco continentes estiveron representados coas mostras de países participantes como Alemaña, Arxentina, Australia, Brasil, Chile, Eslovaquia, Estados Unidos, Francia, Grecia, Italia, México, Nova Zelanda, Perú, Portugal, Principado de Andorra, Reino Unido, República Checa, Suecia, Túnez e Uruguai. A cita é, segundo declarou o presidente da D.O. Rías Baixas, Juan Gil de Araujo, "unha grande oportunidade para dar a coñecer a calidade dos nosos viños ante unha importante representación de prescriptores internacionais de viño".

MÁIS DE 20 MILLÓNS DE LITROS DE VIÑO CALIFICADO EN 2015

3 maio

A D.O. Rías Baixas pechou 2015 facendo historia ao calificar un total de 20.344.167 litros de viño, o que supón un incremento do 5% sobre o exercicio anterior. Estas cifras confirman o esforzo que vén realizando o sector para consolidar e ampliar os seus mercados. "Nestas cifras –dixo o presidente do Consello Regulador, Juan Gil de Araujo– reflíctese o esforzo humano e económico dun sector que elabora uns viños de alta calidade, cuio mellor aval é o seu crecemento nos mercados e o feito de que o consumidor os estea valorando na súa xusta medida".

O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijoo, durante a súa intervención no acto de entrega das certificacións de produto ás adegas da D.O. Rías Baixas.

A mesma tendencia prodúcese no mercado internacional, onde os viños de Rías Baixas creceron un 7,6% en volume, alcanzando as 7.728.544 botellas; e un 5,68% en valor, chegando aos 29.951.759 euros durante 2015. Deste modo, as exportacións representan máis do 28% do total do viño calificado en Rías Baixas.

Un total de 97 adegas, das 183 adscritas á Denominación, comercializaron os seus viños nalgún dos seis mercados onde o Consello Regulador activou plans de exportación (Estados Unidos, Reino Unido, México, Irlanda, Benelux e Xapón) ou nalgún outro

onde este Consello organiza accións de promoción puntuais como Suiza, China ou Canadá. Todo iso co fin de reforzar a presenza dos viños de Rías Baixas apoiando así o esforzo exportador das adegas.

EXPERIENCIAS "THE TASTEMAKERS TOUR" EN SEATTLE

18 maio

Dentro da súa campaña en Estados Unidos, este Consello Regulador continuou coas súas experiencias baixo o lema "The Tastemakers Tour" e levou os viños de Rías Baixas ata Seattle, concretamente ao restaurante Orfeo, onde protagonizaron unha nova cata, e nove adegas de Rías Baixas tomaron contacto con profesionais de importantes publicacións, así como con distribuidores. Esta relevante cita dos viños de Rías Baixas tivo como condutor ao prestixioso sumiller James Lechner, de Seattle, quen puxo en valor os viños de Rías Baixas a través dunha presentación e unha cata moi dinámicas.

En 2015 vendéronse neste mercado cerca de 2,1 millóns de litros de viño da D.O. Rías Baixas, valorados en máis de 11 millóns de euros. Pola importancia deste destino, 59 adegas atópanse actualmente inscritas no plan de promoción específico que o Consello Regulador leva desenvolvendo en Estados Unidos desde hai xa máis dunha década.

A importancia deste mercado para este Consello Regulador levoulle a realizar un estudo sobre a situación dos viños de Rías Baixas en Estados Unidos a través da publicación especializada VinePair. O devandito documento revela a alta aprobación do albariño Rías Baixas entre os consumidores de viño branco estadounidenses. De feito, o 99% dos enquisados que os probaron asegura que lles gustan, o que demostra as amplas posibilidades que os viños amparados por esta D.O. teñen no seu principal mercado internacional, que representa o 36% das súas exportacións.

A D.O. RÍAS BAIXAS, ENTRE AS CATRO MÁIS INFLUINTES DE ESPAÑA

30 maio

Un informe elaborado pola consultora Castro Galiana para o Consello Regulador revelou que a D.O. Rías Baixas se atopa entre as catro denominacións de orixe máis influentes de España. O estudo demostra que a D.O. ocupa a cuarta posición con 7,05% de cota de penetración mediática en xornais e revistas españolas durante o ano 2015, superando a máis dun centenar de indicacións xeográficas. Neste apartado, Castro Galiana valorou a notoriedade do conxunto de informacións xeradas polo sector, que inclúe ás adegas e ás súas marcas, así como ao Consello Regulador.

Rías Baixas mantén tamén o seu cuarto posto na estimación de retorno de "publicity" (práctica de xerar informacións dun sector do viño en concreto para asegurar noticias favorables nos medios de comunicación de xeito gratuíto).

No referente á penetración por Comunidades Autónomas, esta Denominación conta cunha presencia mediática do 50% en Galicia, mentres que o resto da porcentaxe informativa se reparte por toda a xeografía nacional con especial incidencia en Madrid, Cataluña e Andalucía.

Ademais, este informe tamén fai unha radiografía da penetración mediática das adegas e marcas das diferentes denominacións de orixe españolas. As de Rías Baixas atópanse entre as sete denominacións máis mencionadas do noso país. Máis concretamente, ocupan unha segunda posición no apartado da penetración mediática das marcas de viño en formato de crítica enolóxica. O informe, titulado "As Denominacións de Orixe do viño na prensa de España", cuantifica e compara 119 denominacións e zonas de elaboración, 1.459 adegas e 3.059 marcas en 2015.

As redes sociais (RRSS) deste Consello Regulador seguen mostrando un importante progreso. Precisamente en Facebook e Twitter, as dúas principais RRSS nas que se dá a coñecer, Rías Baixas continúa ampliando as súas comunidades de seguidores e o alcance das publicacións.

"MOI BOA" A COLLEITA 2015

29 xuño

O Pleno do Consello Regulador da D.O. Rías Baixas calificou como "Moi Boa" a colleita de 2015. Segundo o presidente da D.O., Juan Gil de Araujo, "as condicións meteorolóxicas acompañaron durante o ciclo vexetativo, despois dun verán suave e seco, polo que a vendima se desenvolveu en boas condicións, obtendo mostos con boa graduación e cunha boa acidez".

Ademais, o Panel de Cata do Consello Regulador coincidiu en sinalar que os viños da colleita de 2015 posúen unha alta intensidade aromática e destacan pola súa alta tipicidade, a súa lixeira acidez compensada cunha boa estrutura, que os fai frescos, longos en boca e con moita vida.

O informe do Pleno do Consello Regulador da D.O. sobre a valoración da colleita detallou que desde o 1 de agosto de 2015 ata o 31 de maio de 2016 se verificaron 17.430.301 litros, o que supón un incremento do 23% con respecto ao mesmo periodo anterior.

Desde o Panel de Cata admitiron que "presentan unhas boas condicións para a súa guarda". Unha opinión que coincidiu coa de expertos catadores de medios de comunicación, guías, sumilleres e resto de prescriptores.

ABANCA DESENVOLVE UNHA XORNADA TÉCNICA DE VENDIMA

29 xullo

O Auditorio de Cambados acolleu a celebración dunha xornada técnica para adegas e viticultores promovida por Abanca e o Consello Regulador. A xornada tratou as impli-

cacións da Lei 12/2013, do 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria, sobre todo da obrigatoriedade de que todas as operacións comerciais entre os viticultores e as adegas por importe superior aos 2.500 euros deberán quedar reflectidas nun contrato de compra venda onde se indiquen todas as condicións de venda deste produto.

A sesión abordou tamén a obrigatoriedade da inspección técnica dos equipos de aplicación de produtos fitosanitarios, que ten por obxectivo garantir a seguridade dos viticultores, a efectividade e economía dos tratamentos fitosanitarios e o respecto ao medio ambiente.

As charlas estiveron impartidas polo subdirector xeral de Explotacións Agrarias da consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, Nicasio Mejuto Martí, quen informou os presentes das novidades sobre estes temas que afectan aos vititultores e respondeu as preguntas que os asistentes lle formularon.



RETOS DOS PLANS DE PROMOCIÓN INTERNACIONAL

27 xullo

A responsable do departamento de Marketing da D.O. Rías Baixas presentou os resultados das campañas de promoción internacional levadas a cabo durante o primeiro semestre de 2016, moitas delas centradas na formación sobre os viños de Rías Baixas, dirixidas tanto a profesionais do sector como ao consumidor final, en Estados Unidos, Reino Unido, Alemaña, Xapón, Benelux e México, e afirmou que a súa boa acollida pon de manifesto que "existe un gran interese polos nosos viños".

Como retos para o vindeiro exercicio expuxo "seguir afianzando aqueles mercados que xa temos consolidado e traballar en aqueles que acaban de emerxer".

Pola súa parte, os tres representantes da axencia encargada de desenvolver o Plan de Promoción de Estados Unidos destacaron os bos resultados derivados das accións tanto "off" como "on line" desenvolvidas nas principais cidades estadounidenses, como Nova York e Chicago, unha estratexia que, en palabras de Helen Gregory, se combina coa progresiva incorporación de embaixadores da nosa marca, que recoñecen a calidade dos viños de Rías Baixas. Hai algo único aquí e ao público estadounidense gústalle descubrir cousas novas e singulares".

FESTA DO ALBARIÑO EN CAMBADOS

1 agosto

A LXIV Festa do Viño Albariño Denominación de Orixe Rías Baixas de Cambados volveu incluir numerosas actividades, entre elas a XXVIII Cata-Concurso Rías Baixas, a sexta edición do Túnel do Viño e a terceira das Catas Temáticas Denominación de Orixe Rías Baixas. Nesta edición, ademais, o Consello Regulador estreou 42 casetas que, aínda que coa imaxe dos anteriores stands, luciron no Paseo de A Calzada con melloras nos toldos.

O Túnel do Viño, unha actividade consolidada, reuniu na súa sexta edición 130 marcas, pertencentes a 62 adegas da denominación e ampliou o seu espazo no Salón de Congresos e Exposicións José Peña para ofrecer maior comodidade aos participantes.

O Salón de Congresos e Exposicións acolleu paralelamente 11 catas temáticas desenvolvidas por diferentes adegas, cunha importante afluencia de público, que puido

coñecer así, de primeira man, o traballo de cada adega.
En canto á XXVIII Cata Concurso Rías Baixas Albariño, celebrada no Salón Bazán do Parador de Cambados, participaron 54 marcas da colleita 2015 e doutras tantas adegas. A Cata Concurso Rías Baixas Albariño contou cun panel de cata integrado por 24 expertos, pertencentes tanto ao panel de cata interno do Consello Regulador da D.O como externo, disposto para a ocasión. O panel catador puntuou seguindo os criterios da Organización Internacional do Viño (OIV).

Asistentes ao acto promocional dos viños da Denominación de Orixe Rías Baixas celebrado en Xapón no mes de setembro.

DISTINGUIDOS GALLAECIA 2016

22 agosto

O Pazo de Mugartegui acolleu a cata dos viños da D.O. Rías Baixas por parte da Asociación de Sumilleres Gallaecia para seleccionar aos finalistas do concurso Distinguidos Gallaecia 2016. Un total de 21 sumilleres foron os encargados de evaluar 167 marcas. Sobre os Rías Baixas de 2015, o vicepresidente da asociación Gallaecia, Aurelio Vázquez, opinou que "é unha colleita con moi boa perspectiva, xa que posúe unha boa acidez e os viños están moi ben equilibrados".

MÁIS DE 200 RECOÑECEMENTOS EN TODO O MUNDO

9 setembro

Os viños de Rías Baixas seguiron colleitando premios nos máis relevantes concursos nacionais e internacionais ata sumar 164 galardóns e 38 mencións, que reforzan a cualificación da colleita de 2015 como "Moi Boa" e manteñen os nosos viños entre os mellores brancos do mundo. Os recoñecementos, recollidos ao longo de 2016, repartíronse en 43 ouros (dous deles con mención especial), 63 pratas e 58 bronces.
As adegas desta D.O. recolleron dous troféos especiais no Decanter World Wine Awards e no Baco. Aínda que máis de 100 dos viños premiados pertencían á colleita de 2015, tiveron gran peso tamén os da colleita de 2014, que superaron os 50 recoñecementos, así como as elaboracións especiais, como poden ser viños dos anos 2013, 2012, 2011, 2010 o de 2008, e os escumosos.

A D.O. SUPERA O UMBRAL DOS 33.400.000 KILOS RECOLLEITADOS

25 outubro

O Consello Regulador da D.O. Rías Baixas pechou a vendima 2016 con 33.404.961 kilos de uva recollida, un 4,6 % máis que na campaña anterior. Trátase da terceira vendima máis importante da historia desta denominación. A campaña, desenvolvida entre o 6 de setembro e o 14 de outubro, foi "ordenada, selectiva e gradual", en palabras do director técnico do Órgano de Control e Certificación do Consello Regulador, Agustín Lago, quen destacou o bo estado fitosanitario da uva, que permitiu conseguir "uns inmellorables parámetros de calidade, un excelente equilibrio entre grado e acidez, así como uns perfiles moi aromáticos". Lago suliñou que as xornadas de chuvia de principios de setembro, xusto antes do groso das tareas de vendima, optimizaron o comportamento do viñedo. Deste xeito, descartáronse as previsións dunha merma do 10% con respecto á produción de 2015, feitas a tenor das circunstancias meteorolóxicas da primavera e o verán.
As boas condicións climatolóxicas permitiron aos 5.550 viticultores inscritos recoller a uva nas 4.061 hectáreas que integran esta denominación dunha forma ordenada, selectiva e no estado de maduración idóneo. Así, á súa entrada nas 183 adegas, a uva atopábase nun estado fitosanitario inmellorable e cunha gran calidade.

AUMENTA A COTA DE MERCADO NACIONAL

23 novembro

O "Informe anual do mercado de viños con D.O. Rías Baixas. Mercado español: canles de Alimentación e Hostalaría", elaborado por The Nielsen Company, confirmou que a D.O. Rías Baixas rexistrou un incremento da súa cota de mercado na canle de Alimentación alcanzando un novo máximo do 2%, mentres que na de Hostalaría foi dun 3,2%.
En xeral, o sector do viño en España continuou a liña de recuperación iniciada en 2014, rexistrando un incremento do 6,2%. No que ao viño con Denominación de Orixe se refire, os datos de Nielsen apuntan, así mesmo, a un incremento no seu consumo, posicionando o viño branco como motor deste aumento, cunha subida dun 10,9%.
Neste contexto, Rías Baixas seguiu esta tendencia ao alza en vendas, apoiándose fundamentalmente na canle da hostalaría. Así, sitúase no 2,6% de cota de mercado, e mantén a oitava posición no ranking de vendas de viños con Denominación de Orixe no mercado nacional. No caso das vendas de viño branco con D.O. no conxunto de España, Rías Baixas ocupa a segunda posición cunha cota do 9,5%.
Por áreas xeográficas, os viños da D.O. Rías Baixas concentran a maior parte das súas vendas no seu mercado natural, o noroeste peninsular. Rexistrouse, ademais, un lixeiro incremento de vendas nas áreas metropolitanas das cidades de Madrid e Barcelona.

VI EDICIÓN DA CATA DAS COLLEITAS

23 novembro

O Hotel Villa Real de Madrid acolleu a VI Cata das Colleitas da D.O. Rías Baixas, na que participaron 96 marcas de 46 adegas. Un panel de cata integrado por 31 expertos, 23 deles profesionais externos (xornalistas, sumilleres…) e 8 expertos do panel de cata interno do Consello Regulador, recoñeceron catro marcas co diploma de Gran Colleita de Ouro (ao ter conseguido unha puntuación superior aos 92 puntos), 38 con Colleita de Ouro (con entre 85 e 92 puntos) e 29 con Colleita de Prata (entre 82 e 85 puntos).

A Cata das Colleitas ten carácter bienal e o seu obxectivo é demostrar as posibilidades de garda dos viños da denominación e o potencial enolóxico das súas variedades.

O acto de entrega dos premios, celebrado no Liceo Casino de Pontevedra e presentado pola xornalista galega Irene Lourido, contou coa participación do presidente do Consello Regulador da D.O. Rías Baixas, Juan Gil de Araujo; o delegado provincial da Consellería de Medio Rural, Antonio Crespo; o diputado provincial de Promoción Turística, Santos Héctor Rodríguez; o alcalde de Pontevedra, Miguel Anxo Fernández Lores; a concelleira de Promoción Económica e Turismo de Pontevedra, Anabel Gulías; e o xefe de servizo de Industrias da Consellería de Medio Rural, José Manuel Fernández Castro.

EXPORTACIÓNS

19 decembro

As exportacións de campaña (entre o 1 de setembro de 2015 e o 30 de agosto de 2016) dos viños da D.O. Rías Baixas tiveron unha tendencia ao alza. Cun incremento do 21,65%, esta denominación atopouse nos 6.240.272 litros vendidos nos mercados internacionais. Este crecemento repetiuse tamén no valor das exportacións de campaña, que alcanzaron os 32.135.615 euros.

Das 180 adegas adscritas a esta denominación, 97 xa se atopan en plans de exportación, o que demostra o dinamismo do tecido empresarial de Rías Baixas e a súa aposta e confianza por un viño que aínda ten un gran percorrido en todos os mercados. Os continentes americano e europeo, concretamente os países da Unión Europea, seguen esta tendencia positiva con aumentos do 17,63% e do 23,75%, respectivamente.

O presidente do C.R.D.O, Juan Gil de Araujo, mostrouse satisfeito cos datos e explicou que este incremento das exportacións "non é casualidade porque o Consello e o conxunto do sector levan moitos anos pelexando nos mercados exteriores". Máis do 65% do orzamento total do organismo destínase á promoción, onde teñen un peso moi relevante as accións no exterior. Gil de Araujo destacou que "non hai apenas adegas de certo tamaño que non estean exportando xa".

Un grupo de profesionais de Bélxica, durante a visita a un viñedo da D.O., no marco da misión inversa organizada polo Consello Regulador no mes de xuño.

Novamente, Xapón respondeu moi positivamente ás accións de promoción realizadas polo Consello Regulador, cun crecemento do 56,62%, traducido en 176.409 litros, cifra que o leva a ocupar a sétima posición. Tamén chama a atención a resposta do mercado mexicano, cun aumento do 33,48%, un total de 254. 627 litros, cantidade que o coloca no quinto posto dos principais destinos dos viños de Rías Baixas nos mercados internacionais. Irlanda é outro dos países que sorprende cun crecemento do 39,80% e 170.024 litros vendidos en total.

O primeiro posto corresponde, unha vez máis, a Estados Unidos, que aumentou nun 18,95%, alcanzando os 2.370.135 litros. Mantén a segunda posición Reino Unido con 1.103.909 litros, o que supón un incremento do 28,42%; e Alemaña a terceira con 530.894 litros, un crecemento do 20,83%. Completan os cinco principais destinos Porto Rico e México.

Na súa aposta polos mercados internacionais, a D.O. Rías Baixas mantén os seus Plans de Exportación para 2017 en sete destinos: Estados Unidos, Reino Unido, Alemaña, Benelux, México, Xapón e Irlanda; así como accións puntuais en Polonia, por primeira vez, e tamén en China, Canadá e en Francia.

Durante 2016, 1.250 profesionais estranxeiros pasaron polo stand de Rías Baixas das feiras Prowein, London Wine, así como por Hong Kong International Wine & Spirits. Máis de 600 profesionais tiveron contacto cos viños de Rías Baixas a través dos Showrooms de México, Londres, Nova York, Chicago e Seattle. Finalmente, 1.750 profesionais internacionais participaron nalgunha das actividades propostas por esta denominación como seminarios, masterclass, patrocinios ou visitas.

Na presentación dos datos de exportacións da Denominación de Orixe, o xerente e secretario xeral do Consello Regulador, Ramón Huidobro, remarcou que a aposta polos mercados exteriores está sendo moi decisiva na evolución da D.O. Rías Baixas. "É moi importante que as adegas continúen perdendo o medo a exportar", afirmou Huidobro, que suliñou que os viños Rías Baixas chegan xa a 64 mercados estranxeiros e que, en pouco máis dunha década, as adegas presentes no principal destino, Estados Unidos, pasaron dunha vintena a máis de oitenta.

REUNIÓN DO PLENO DO CONSELLO REGULADOR DA D.O. RÍAS BAIXAS DE DATA 29 DE MARZO DE 2016

ASUNTOS ANALIZADOS:

• Estudo de detalle sobre o estado actual dos rexistros de adegas, de marcas e de viñedos inscritos no Consello Regulador.

• Estudo das non conformidades detectadas durante as auditorías de vendima, as auditorías de embotellado e as auditorías de viñedo, así como o estado da revisión de viñas.

•Detalle de situación da acreditación: número de adegas certificadas, adegas pendentes de certificar e adegas que foron suspendidas ou dadas de baixa, argumentadas as causas que motivaron a mesma.

• Informe sobre a Verificación de Aptitude dos viños amparados: estatísticas, evolución do viño verificado e existencias.

• Estudo do informe de control de mercado. O informe reflicte que non se detectaron non conformidades.

• Estudo da actuación do Órgano de Control con aqueles viticultores que non tiveron actividade nas 5 últimas campañas, en aplicación do artigo 18.º do Regulamento, relativo á Vixencia e Renovación das inscricións, onde se establece, no seu apartado 18.3, as actuacións con devanditos viticultores por razón de inactividade ou abandono durante cinco anos consecutivos das parcelas das que sexan titulares, salvo causas de forza maior debidamente xustificadas.

• Estudo da situación dos pagos de cotas por parte dos inscritos e o procedemento de seguimento de cobro.

ACORDOS ADOPTADOS:

• Ante o acordo adoptado polo pleno a finais de 2015, relativo a dotar dun maior orzamento ao Plan Integral de Comunicación, facéndoo máis ambicioso para poder acometer unha campaña de televisión a nivel nacional, os señores vogais traballan sobre o spot coa empresa seleccionada. O concepto da campaña vixente mantén o vínculo dos viños de Rías Baixas cunha ampla proposta de comida internacional. Acordan continuar co claim "…está pedindo Albariño Rías Baixas" e poñer voz ao produto creando tres pezas didácticas de 20" cada unha. A película gravarase cunha rodaxe de planos cortos, iluminacións moi coidadas e imaxes chamativas, todo iso cunha boa presenza do viño como fío condutor.

• Tamén aproban os señores vogais do Pleno a proposta de cambios no diseño da páxina web.

• O Pleno aproba o peche do exercicio orzamentario de 2015.

• O Pleno acorda a aplicación dunha nova cota aos viticultores inscritos. Desta maneira, os viticultores, ademais de satisfacer o pago de 5 euros por cada 1.000 m² inscritos (en concepto de produto amparado), a partir do vindeiro exercicio 2017 atenderán outra cota por renovación nos rexistros. Esta nova cota de renovación rexistral terá un importe anual de 7 euros, igual para todos os viticultores, con independencia do tamaño da explotación.

REUNIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONSELLO REGULADOR DA D.O. RÍAS BAIXAS DE DATA 1 DE XUÑO DE 2016

ACORDOS ADOPTADOS:

• Estudo e aprobación da proposta para a renovación das casetas usadas para a exposición dos viños de Rías Baixas nas feiras de viño de ámbito local, cun investimento que ascende a 149.919 euros (IVE incluido).

REUNIÓN DO PLENO DO CONSELLO REGULADOR DA D.O. RÍAS BAIXAS DE DATA 23 DE XUÑO DE 2016

ASUNTOS ANALIZADOS:

• Informar sobre a auditoría de seguimento de ENAC realizada o día 1 de xuño, cuxo informe reflicte a ausencia de desviacións na operativa da certificación (sistema, xestión e auditorias).

• Traballos relativos á coordinación e posta en marcha das actividades para a organización da LXIV edición da Festa do Viño Rías Baixas Albariño.

• Estado de execución dos orzamentos ordinarios do Consello Regulador.

• Preséntase para o seu estudo e valoración polos señores vogais do Pleno o informe de auditoría de estados financieiros correspondente ao exercicio 2015. Tanto a responsabilidade dos traballos de auditoría como da redacción do informe recaen sobre a auditora Dna. Mª Pilar Carballo Fidalgo.

• Sométense a estudo dos señores vogais as competencias do presidente e a delegación das mesmas.

• Tal e como acordouse no último pleno celebrado no ano 2015, os señores vogais traballan sobre o informe elaborado pola empresa SERVIGUIDE para a implantación dun sistema de retribución variable para o personal do Consello Regulador.

ACORDOS ADOPTADOS:

• A proposta do Órgano de Control e Certificación, os señores vogais estudan e aproban os cambios propostos nas normas de vendima para a campaña 2016: as modificacións no software de xestión do Consello Regulador para facilitar a identificación dos viticultores; o informe de validación da colleita, co compromiso de ser remitido por correo ordinario ao domicilio de cada inscrito antes do día 20 de novembro e cambios técnicos de menor calado para adaptar o sistema de auditoría de vendima ás melloras que ofrece o novo software de xestión.

• Estudo e acordo sobre as alegacións presentadas polos viticultores, en forma e prazo, relativas aos expedientes de baixa incoados por razón do artigo 18.3, sobre as actuacións cos viticultores por razón de inactividade ou abandono durante cinco anos consecutivos das parcelas das que sexa titular o inscrito. O pleno estima dúas alegacións xustificadas e propón a baixa dos restantes viticultores, ben porque non presentaron alegacións, ben porque –aínda presentándoas– non estaban xustificadas fehacientemente (o Regulamento especifica "…causas de forza maior debidamente xustificadas").

• Estudo, valoración e cualificación da colleita en base aos informes presentados polo Órgano de Control relativos á colleita correspondiente a 2015. Á vista dos informes e as indicacións propostas polo departamento técnico e o panel de catas, dos comentarios recollidos nas guías, concursos, publicacións e valoracións dos prescriptores, e as súa comparativa con cualificacións de colleitas anteriores, os señores vogais acordan outorgar a cualificación de MOI BOA á colleita de 2015.

• Estudo e aprobación do plan de medios para a campaña de verán e aprobación do borrador da película para o spot que se emitirá nas televisións.

• Estudo e aprobación do borrador proposto pola axencia Gregory White para a campaña USA 2016/2017, onde xa se inclúen as suxestións de mellora expostas polas adegas participantes.

• Estudo e aprobación da memoria de actividades do ano 2015.
• Estudo e aprobación do organigrama funcional do Consello Regulador.
• Acordo e redacción dun maniiesto respaldando á Conferencia Española de Consello Regulador (CECRV) nas súas xestións ante o ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente (MAGRAMA) e ante a Organización Interprofesional de Viño (OIVE) na súa iniciativa por reclamar a súa integración como membro de pleno dereito, con voz e con voto, na OIVE. No manifesto aprobado os señores vogais solicitan que se promovan os cambios estatutarios e normativos precisos para tal fin ou, senón, se constitúa un comité mixto entre OIVE e CECRV cuxas decisións e acordos, que afectan ás Denominacións de Orixe, sexan vinculantes para a OIVE.

REUNIÓN DO PLENO DO CONSELLO REGULADOR DA D.O. RÍAS BAIXAS DE DATA 28 DE XULLO DE 2016

ASUNTOS ANALIZADOS:
• Os señores vogais son informados sobre a situación da Asociación Ruta do Viño Rías Baixas, a posición desta respecto ao resto de rutas certificadas por ACEVIN, o orzamento aprobado e as actividades que a asociación está levando a cabo.
• Os señores vogais traballan para ultimar as actividades para a organización da LXIV edición da Festa do Viño Rías Baixas Albariño.
• Autorízase ao presidente do Consello Regulador a que o represente, como Vogal Cooperador, ante a Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de Pontevedra, Vigo e Vilagarcía de Arousa.

ACORDOS ADOPTADOS:
• Os señores vogais do Pleno estudan, validan e aproban o informe de estimación de colleita redactado polo Órgano de Control e Certificación do Consello Regulador que, tras estimar un rendemento medio de produción para a colleita 2016 próximo aos 7.400 Kg/Ha tasa a produción de uva para a campaña de 2016 nunha cifra próxima aos 29.865.084 Kg. No seu estudo, o Órgano de Control alerta sobre a dificultade desta valoración a causa da heteroxeneidade das explotacións e o estrés hídrico da planta, motivado este último polas altas temperaturas e a ausencia de chuvias.
• O pleno autoriza ao presidente do Consello Regulador a suscribir unha póliza de crédito por valor de 300.000 euros durante un ano. Á vista das propostas recibidas, acórdase asinar coa entidade que ofrece as mellores condicións, que é o Banco Caixa Xeral.
• Acordo adoptado para encargar un estudo sobre a produción en Rías Baixas, co obxecto de valorar a idoneidade de solicitar ou non a limitación de autorizacións de plantación ao ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente. O obxectivo do proxecto é analizar as implicacións que pode ter o crecemento da superficie plantada de viñedo ao amparo do Consello Regulador da Denominación de Orixe Rías Baixas, para axudar a determinar o ritmo de crecemento óptimo das plantacións de maneira que se garantice unha evolución equilibrada. O informe encárgase á Escola de Negocios Afundación por un importe de 6.500 euros (máis IVE).
• O Pleno autoriza ao presidente do Consello Regulador a suscribir un convenio de colaboración con El Corte Inglés que ten como base a edición dos rueiros das cidades de Vigo, Santiago de Compostela e A Coruña. A edición será de 100.000 exemplares por cidade cun custo de 6.000 euros/cidade (máis IVA). Os rueiros repartiranse en hoteis, oficinas de turismo e dependencias de El Corte Inglés da cada unha das tres cidades.

REUNIÓN DO PLENO DO CONSELLO REGULADOR DA D.O. RÍAS BAIXAS DE DATA 19 DE OUTUBRO DE 2016

ACORDOS ADOPTADOS:
• No pleno celebrado o 28 de xullo os señores vogais acordaron a contratación dun informe á Escola de Negocios Afundación sobre o impacto do crecemento da superficie de viñedo na Denominación de Orixe Rías Baixas, coa finalidade de poder valorar a opción que se expón no Decreto 740/2015 sobre regulación do potencial vitícola, que permitiría ao Consello Regulador formular ao ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente unha recomendación para limitar as autorizacións de plantación ou restrinxir as autorizacións de replantación e/ou a conversión de dereitos de plantación.
Os señores vogais debaten e traballan as conclusións do informe e, á vista das posicións expostas, non son partidarios de facer recomendacións limitantes ao ministerio para a vindeira campaña 2017, non obstante, deixan aberta a opción para futuras campañas en función da evolución do sector.

Copas dispostas para unha cata de consumidores na sede do Consello Regulador da D.O. Rías Baixas.

REUNIÓN DO PLENO DO CONSELLO REGULADOR DA D.O. RÍAS BAIXAS DE DATA 22 DE DECEMBRO DE 2016

ASUNTOS ANALIZADOS:

• Os señores vogais teñen un recordo especial e emotivo para a persoa de D. José Villanueva González, vogal do pleno falecido, a quen mostran o seu agradecemento póstumo e trasladan o pésame de todos os membros dp pleno á súa familia, os seus amigos e aos compañeiros de Unións Agrarias.

• Estudo e valoración do Informe sobre a campaña de vendima 2016.

• Estudo e valoración do documento elaborado polo Órgano de Control e Certificación sobre as súas competencias de auditoría (de control, de vendima, de certificación e de embotellado), inspección e atención dos rexistros (de bodegas, de marcas e de viñedos). O informe conclúe resaltando a sustancial melloría experimentada polos inscritos durante os últimos anos.

• Estudo e valoración das auditorías de viñedo. Destaca o impulso alcanzado nos últimos anos e as dificultades que se están atopando coa auditoría de viñedos nalgúns concellos da subzona de O Condado do Tea, solicitando o acordo do pleno para proceder á revisión desta subzona mediante auditoría de viñedo.

• Estudo e valoración do informe sobre o estado da certificación. Neste punto lémbrase a recente auditoría de ENAC, organismo que renovou a acreditación do Consello Regulador coa recomendación de seguir traballando na consecución dunha pronta acreditación do panel de cata.

• Estudo e valoración detallada das estatísticas de verificación de aptitude das partidas de viños amparados e as existencias de viño desagregadas por anos de colleita.

• Estudo e valoración das actividades de promoción, marketing, relacións públicas e comunicación realizadas ao longo do exercicio 2016. Informe de participación e evaluación. Revisión dos orzamentos.

• Repaso do estado de execución dos orzamentos ata o terceiro trimestre de 2016.

• Informe do presidente sobre as reunións mantidas: coa conselleira do Medio Rural, cos representantes do grupo En Marea na mesa de agricultura do Parlamento de Galicia, co concellal de Enoturismo de Cambdos para falar da "Cidade Europea do Viño", co alcalde de Pontevedra para solicitar un cambio no acordo de cesión de uso do Pazo de Mugartegui.

Mesa redonda en México sobre a maridaxe dos viños da D.O. Rías Baixas coa gastronomía mexicana.

ACORDOS ADOPTADOS:

• Estudo e aprobación do Plan Xeral de Marketing, Promoción, Relacións Públicas e Comunicación para o exercicio 2017.

• Estudo e aprobación do Plan Integral de Comunicación para o exercicio 2017, por un importe de 895.400 euros (IVE incluido).

• Aprobación da cota do viño e das precintas. Aprobación das cotas de novas inscricións. Ratificación das cotas aprobadas para os viticultores inscritos: renovación nos rexistros e produto amparado.

• Estudo e aprobación da proposta da Comisión Permanente de destinar un diñeiro no exercicio 2016 para cumprir co acordo de implementar un sistema de retribución variable aplicable ao personal do Consello Regulador.

• Estudo e aprobación dos orzamentos ordinarios para o ejercicio 2017. A modo de resume, os orzamentos aprobados desagréganse da seguinte maneira: no capítulo de ingresos, o 52,66% procede das cotas dos inscritos, o 18,77% das subvencións e o 28,57% restante de remanente e ingresos extraordinarios. Por outro lado, no capítulo de gastos, o 68,84% destínase a promoción e campaña, o 11,07% a gastos de funcionamento e o 20,09% restante absórbeo o Control de Calidad.

• Estudo e aprobación da proposta de censos e reparto de vogalías para responder á solicitude da Consellería do Medio Rural, ao obxecto de convocar eleccións para a renovación do órgano de goberno do Consello Regulador. Apróbase agrupar as subzonas de Val do Salnés e Ribeira do Ulla nunha e as subzonas de Condado do Tea e Soutomaior noutra. Apróbase manter 3 censos (A de viticultores, B de bodegas e C de adegas de base cooperativa).

Acórdase subdividir o censo A de produtores en subcensos segundo o tamaño das explotacións (A1 para viticultores con superficie inscrita menor ou igual de 2 hectáreas e censo A2 para viticultores inscritos con superficies maiores de 2 hectáreas) e subzonas (A1 Salnés e Ribeira do Ulla con 3 vogais e A2 Salnés e Ribeira do Ulla con 2 vogalías; A1 Condado e Soutomaior con 1 vogal e A2 Condado e Soutomaior con 1 vogal; A1 O Rosal con 1 vogal e A2 O Rosal con 1 vogal).

Tamén se aproba subdividir o censo B de elaboradores en subcensos, segundo o volume medio de viño calificado nos 3 últimos exercicios (B1 para adegas con volume menor ou igual a 100.000 litros e censo B2 para adegas con volume maior de 100.000 litros) e subzonas (B1 agrupando todas as subzonas e outorgando 2 vogais; B2 Condado e Soutomaior con 2 vogais; B2 O Rosal con 2 vogais e B2 Salnés e Ribeira do Ulla con 3 vogais).

No caso co censo C de bodegas de base cooperativas, a proposta é que vaia agrupado (adegas e viticultores de todas as subzonas) e outorgarlle 4 vogalías.

Facebook

- Durante o ano 2016, continuouse na liña de aportar contidos de calidade cunha importante carga visual, incorporando tamén vídeos, o que supuxo un incremento no número de interaccións por parte dos usuarios.
- Os posts diferenciados e accións de gamificación levaron a un incremento de perto dun 5% no número de seguidores ata superar a barreira dos 39.000 a 31 de decembro.
- Publicáronse máis de 300 posts de contido orixinal e de interese para os usuarios. Estas accións derivaron en maiores cifras de interacción (comentarios e post compartidos).
  Dende mediados de ano, iniciouse a campaña promocional #EuSonAlbariñoRíasBaixas (#YoSoyAlbariñoRíasBaixas), que comprendeu a publicación de dous vídeos compilatorios e un sorteo de agasallos, e que xerou 53.804 reproduccións dos vídeos e máis de 1.000 interaccións.
- Continuaron as reportaxes vinculadas co blog "beberiasbaixas.com", que tiveron máis de 9.800 sesións con preto de 14.000 páxinas vistas e desenvolveronse diversas accións de gamificación (a través de sorteos, actividades e concursos).
- As "Frases do Viño", curiosidades, maridaxes, manualidades e posts elaborados para conmmemorar algunha data especial rexistraron grande éxito entre a comunidade virtual.

Twitter

- Conseguiuse un incremento dun 40% de seguidores, chegando aos 9.000 a decembro de 2016.
- Apostouse por contidos diferenciados e reforzouse a carga visual dos tuits. Continuouse con microseccións como o #SabíasQue ás que se sumou a campaña #YoSoyAlbariñoRíasBaixas.
- Establecéronse campañas promocionais puntuais e fíxose especial fincapé na promoción das actividades do Consello Regulador, cun seguemento exhaustivo dende TW en accións puntuais desenvolvidas dentro e fóra do territorio galego. Este tipo de publicacións tamén fomentaron o apoio e retroalimentación de contidos a través das diferentes adegas.
- Rexistrouse unha mellora do "engagement", acadando un 67% de taxa de éxito no conxunto total de tuits publicados.

Instagram

- A clara aposta polo contido visual reflíctese no perfil @doriasbaixas posto en marcha a finais de 2015, no que se mesturaron imaxes, tanto de maridaxes coma do entorno natural, con outras que buscaron servir de inspiración e de referencia para os usuarios.
- Incorporáronse tamén microvídeos, que superaron o número de 'Gústame' e de comentarios con respecto a outras publicacións anteriores centradas só na carga fotográfica.
- Houbo un incremento de 1.000 seguidores a este perfil durante 2016, rexistrando un aumento dun 818% da comunidade virtual.

YouTube e Flickr

- A través de microvídeos dun minuto aproximadamente, conseguíronse 130 suscriptores e máis de 23.000 reproducións.
- Os vídeos sobre o proceso elaboración dos viños ou como se desenvolve unha cata son dos máis vistos.
- Sumáronse 460 novas fotografías en Flickr, pensada coma un repositorio fotográfico con material en alta calidade, que acumularon preto de 90.000 visualizacións.

CONCLUSIÓNS

O ano 2016 estivo marcado pola incorporación do perfil da Denominación de Orixe Rías Baixas en Instagram. A periodicidade de diverso tipo de contidos visuais e posta en marcha deste perfil sentou as bases para conseguir unha meirande implicación por parte dos seguidores.

O reforzo da carga visual e audivisual, así como a aposta por contidos novidosos, sumado á campaña específica #YoSoyAlbariñoRíasBaixas contribuiron á mellora do engagement. A liña a seguir para o ano 2017 nas dúas principais redes sociais (FB e TW) pasa polo reforzo e ampliación da carga audiovisual. Estes contidos combinaranse coas distintas accións promocionais do Consello Regulador. Ademais, seguirase apostando pola creación de novos vídeos en YouTube e campañas de marketing dixital específicas.

Con respecto a Flickr e YouTube, continuarase na mesma liña de incorporación progresiva de imaxes e vídeos.

Consello Regulador da Denominación de Orixe

Rías Baixas

Pazo de Mugartegui
Praza da Pedreira 10 - 36002 (Pontevedra)
Tf: 986 854 850 / Fax: 986 864 546
www.doriasbaixas.com / consejo@doriasbaixas.com

Edita: Cuerpo a Cuerpo Comunicación. R/ Uruguai, 2 - 3º dta. 36201 VIGO

MINISTERIO DE AGRICULTURA Y PESCA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE

FEADER:
Europa inviste no rural

XUNTA DE GALICIA